

Organizan:

L Sección de
literatura
do Liceo de Ourense



Patrocinan:



IX CICLO DE CONFERENCIAS

VISIONS DE GALICIA

ALVARO



CUNQUEIRO

OURENSE Abril - Maio 2011

A novena edición do ciclo de conferencias **Visións de Galicia** ve a luz, sen o facho que o fixo nacer hai case que unha década e que non é outro que Marcos Valcarcel. Polo tanto non se nos ocorre mellor xeito de lembralo, que reproducir un anaquiño dun texto seu, referente o protagonista do presente ano, Alvaro Cunqueiro, editado por Caixa Galicia nun libro titulado "A cidade da xeración Nos".

Cunqueiro en Ourense.

"Non foi Cunqueiro unha personaxe moi relacionada con Ourense. Presicamente por iso o obxecto desta nota é dar conta dalgúns feitos que o relacionan, sequera de forma esporádica, coa nosa cidade, todos eles sucedidos nos anos trinta, no marco da Segunda República.

O primeiro deles é a presenza do escritor mindoniense na nosa cidade en maio de 1935, para da unha conferencia no salón do Grupo Galeguista sobre o tema "A Poesía, eu mesmo i outras noticias", (...) Cunqueiro falou aquel día de "vida iluminadas, de pintores y poetas" e deteuse na obra de poetas como Jules Supervielle, Luise Giradoux e Lucienne Gervais, (...) Falou tamén con entusiasmo do escultor morto José Eiroa, lendo unha elegía a el adicada 'maravillosa de sentimento y profundidad'. Definiuse a si mesmo como 'poeta cordial', engadindo que o poeta 'no es nunca maestro y es siempre aprendiz' e que os seus poemas era só 'la definición que él busca sin encontrar de lo que la poesía es'. (...)

Cunqueiro asina varias colaboracións en "La Region", todas elas do verán de 1933, enmarcadas nunha páxina cultural deste diario titulada "Los viernes literarios de LR", de aparición moi irregular e onde escribían Vicente Risco, Otero Pedrayo, Carballo Calero, Xohan Luis Ramos, Augusto M^a Casas, Juan Lacomba, Francisco F. del Riego e Rafael Dieste, entre outros.

Cunqueiro era xa entón, con pouco máis de vinte anos, un poeta respetado e prestixioso. Xoan Luis Ramos califícao como 'el mejor poeta joven de Galicia' comentando a publicación do número catro de 'Papel de color', a revista de avangarda conducida por Cunqueiro desde Mondoñedo."

P R O G R A M A

Abril

Día 26 venres; 20.15 horas. Aula de Cultura.



Conferencia de
Xesús Alonso Montero

**“ÁLVARO CUNQUEIRO
XORNALISTA: ANTES E DESPOIS
DE 1936”.**

Maio

Día 2 lúns; 20.15 horas. Aula de Cultura.



Conferencia de
Dolores Vilavedra Fernández

“CUNQUEIRO, NARRADOR”.

Día 5 xoves; 20.15 horas. Aula de Cultura.



Conferencia de
Cesar Cunqueiro González-Seco

**“ÁLVARO CUNQUEIRO OU A
LITERATURA DO PARAÍSO”**